



Concello de Vigo
Expte. 4105/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 19/2023

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2023

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Sesión ordinaria (agosto) do 12.09, ordinaria do 25.09, extraordinaria do 25.09 e extraordinaria do 16.10.23.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta do Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2023, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 261/143 (Expte. Pleno 4101/1101).
- 3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2023. Expte. 27534/541 (Expte. Pleno 4102/1101)

Mocións:

- 4.** Moción do grupo municipal do BNG sobre a atención das situacións de vulnerabilidade social e da infravivenda na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4106/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Educación a incluír unha partida para abordar a reforma integral dos centros educativos públicos e outros acordos complementarios. Expte. 4113/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que acometa investimentos, no Orzamento para o ano 2024, para cubrir tódalas necesidades ás que ten dereito a cidade de Vigo. Expte. Pleno 4111/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo 4195-1101	Data impresión: 19/01/2024 12:33 CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	Páxina 1 de 32
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que apoie o proxecto do AVE, Madrid-Vigo directo por Cerdedo. Expte. 4112/1101.
- 8.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno Galego e ao Goberno de España para a aprobación dun estatuto xurídico dos avogados e procuradores e outros acordos complementarios. Expte. 4115/1101

PARTE DE CONTROL

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 19.09 ao 22.10.23. Expte. 1564/1102 (Expte. Pleno 4107/1101).
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 19.09 ao 22.10.23. Expte. 1565/1102 (Expte. Pleno 4108/1101).
11. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 21.09.23, de nomeamento de membros da Corporación no órgano reitor do órgano colexiado do Padroado do Museo Municipal Quiñones de León. Expte. 1726/110.
12. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 29.09.23, de modificación do nomeamento de representantes da Corporación no Padroado da Fundación Marco. Expte. 1476/1102 (Expte. Pleno
13. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 11.10.23, de declaración de loito oficial durante tres días. Expte. 1309/1102. (Expte. Pleno

Mocións.

14. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a falla de prevención do Goberno local ante emerxencias e de abandono do servizo de Bombeiros. Expte. 4114/1101.
15. **Formulación de rogos.**
16. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suarez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gomez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
Gonzalez Abeijon, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 2 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

López Font, Carlos
Losada Alvarez, Abel Fermín
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Abalde Comesaña, Filipe
Martinez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Ilmo. Sr. Alcalde, presidente do Concello de Vigo
Lago Barreiro, M.^a del Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día trinta de outubro do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rivas González, Rodriguez Calviño, Rodriguez Rodriguez, Sánchez Méndez, actuando como Secretaria Xeral Acctal. do Pleno que asina D^a Elena Ares Salgado, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

Incidencia: O voceiro do grupo municipal do BNG formula unha cuestión de orde ao abeiro do artigo 55.4, para que dende a Presidencia se clarexe cal é a causa xustificada, invocando o artigo 19.4 epígrafe c) do Regulamento Orgánico do Pleno, que xustifica a ausencia do Alcalde do seu deber de asistencia a este Pleno e de asumir as funcións de Presidencia e se pode confirmar se esta ausencia esta motivada pola participación do Sr. Abel Caballero nunha tertulia televisiva esta maña.

Presidencia: Como vostede sabe perfectamente son a 1^a Tenente de Alcalde e polo tanto substitúo ao Alcalde atendendo ás normativas vixentes e o Alcalde está representando a Vigo sempre, alí onde estea.

PARTE RESOLUTIVA

1.(184) ACTAS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA (AGOSTO) DO 12.09, ORDINARIA DO 25.09, EXTRAORDINARIA DO 25.09 E EXTRAORDINARIA DO 16.10.23.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 3 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: ordinaria agosto) do 12.09, ordinaria do 25.09, extraordinaria do 25.09 e extraordinaria do 16.10.23.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**2.(185) DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2023, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 261/143 (EXPTE. PLENO 4101/1101).**

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe do Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario, de data 11.10.23, que di o que segue,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2023.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2023, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SETEMBRO de 2023.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 4 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2023, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente, as de pechados están no estado de ingresos de pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que reflicten os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería consolidado.
As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar. A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.
A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2023.

3.(186) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2023. EXPTE. 27534/541 (EXPTE. PLENO 4102/1101)

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe do Tesoureiro Municipal, de data 24 de outubro de 2023, que di o que segue,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 5 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I. Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 6 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 7 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 8 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as disponibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafa.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicacionesManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 9 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2023.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2023 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1,303	92	152	36
Importe dos pagos	46,801,317.10	534,025.93	195,199.20	60,855.80
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	6	0	10	0
Importe	27,839.24		5,747.42	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	13,95 días	14,42 días	15,08 días	5,24 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00



Copia do documento - Concello de Vigo

4195-1101

Data impresión: 19/01/2024 12:33

Páxina 10 de 32

CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	200	13	8	0
Importe dos pagos	5,989,406.64	140,743.41	2,681.61	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	10	0	0	0
Importe	148,468.49	.00	.00	.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	18,04 días	2,92 días	13,27 días	0,00 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	14.04	28.71	21.06	2.44	7.24	8.40	7.15	0.00
Segundo	13.79	38.47	13.96	6.65	9.57	9.13	5.66	1.33
Terceiro	13.95	18.04	14.42	2.92	15.08	13.27	5.24	0.00
Cuarto								

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	35,284,789.48	12,281,212.55	263,692.04	78,136.68	152,801.95	20,672.19	30,659.55	.00
Nº pagos	1,302	270	84	7	160	12	43	0



Copia do documento - Concello de Vigo
4195-1101

Data impresión: 19/01/2024 12:33

Páxina 11 de 32

CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo	55,162,479.62	4,503,763.84	341,239.26	91,091.76	245,235.88	16,871.89	36,478.44	282.66
Nº pagos	1,448	8	80	16	201	14	34	1
Terceiro	46,829,156.34	6,137,875.13	534,025.93	140,743.41	200,946.62	2,681.61	60,855.80	.00
Nº pagos	1,309.00	210.00	92.00	13.00	162.00	8.00	36.00	.00
Cuarto								
Nº pagos								

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2023												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	18.94	14.72	11.56	12.24	10.33	13.66	10.81	9.85	9.41			
MARCO	5.14	6.17	9.53	5.49	13.21	11.12	8.38	13.46	18.69			
XMU	16.79	11.76	4.63	8.16	8.72	5.78	6.96	4.88	5.81			
V. C.BUR.	7.10	6.88	5.74	5.08	7.18	4.81	4.84	4.21	6.66			
PMP Global	18.81	14.67	11.51	12.19	10.32	13.55	10.71	9.84	9.41			

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2023

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	5,469,211.27	2,744,427.36	147,713.32	34,056.73	48,437.70	101.64	1,192.02	0.00
Febreiro	10,653,247.42	5,420,947.42	34,427.63	58,626.66	50,807.29	3,117.37	5,602.39	1,635.86
Marzo	17,015,175.62	11,658,491.78	81,551.09	78,136.68	74,229.15	20,672.19	23,865.14	0.00
Abril	16,107,640.11	10,415,405.29	85,169.04	66,651.78	91,086.19	23,225.22	7,372.62	0.00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 12 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Maio	20,327,988.68	7,640,381.31	103,969.63	113,709.32	55,199.19	13,105.05	10,844.77	0.00
Xuño	16,922,861.67	3,943,345.62	152,100.59	91,091.76	98,950.10	16,871.89	18,261.05	282.66
Xullo	14,572,175.02	4,867,609.56	415,534.84	29,061.49	78,337.20	14,150.50	20,636.17	0.00
Agosto	13,163,481.93	7,724,484.73	37,407.73	28,078.23	24,315.20	15,091.26	6,971.06	0.00
Setembro	19,046,515.51	5,689,768.31	81,083.36	140,743.41	98,250.22	2,681.61	33,248.57	0.00
Outubro								
Novembro								
Decembro								
TOTAL	133,278,297.23		1,138,957.23		619,612.24		127,993.79	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2023.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4.(187) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A ATENCIÓN DAS SITUACIÓNS DE VULNERABILIDADE SOCIAL E DA INFRAVIVENDA NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4106/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2023, número 4106/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 13 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SOBRE A ATENCIÓN DAS SITUACIÓNS DE VULNERABILIDADE SOCIAL E DE INFRAVIVENDA NA CIDADE DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“O trágico incendio decorrido o pasado 11 de outubro nun inmóbel de rúa Afonso X, e que se cobrou a vida de catro persoas (tres delas menores), varias feridas de diversa consideración e o desaloxo de case unha trintena de veciñas e veciños, así como o desaloxo de 42 persoas ordenado por razóns de seguridade de dous edificios da rúa Fisterra, o día 19, evidenciaron unha grave problemática social subxacente e as deficiencias e insuficiencias para a súa adecuada atención por parte das diferentes administracións públicas.

En ambos os dous casos as condicións de seguridade e habitabilidade amosaban con toda crueza o fenómeno das infravivendas existentes na nosa cidade. Unha realidade empurrada polo agravamento do problema de acceso social á vivenda, nunha cidade na que malia existiren -segundo datos oficiais do INE- máis de 20 mil vivendas baleiras é cada vez maior o número de persoas e familias que non se poden permitir alugar ou comprar unha.

A falla dunha decidida política de promoción de vivenda pública de protección, pola inacción tanto da Xunta de Galiza (en tanto que administración competente) como polo Goberno municipal (incumprindo as súas promesas electorais), ten como resultado a falla de alternativas habitacionais en condicións dignas e estábeis na maior cidade de Galiza. Non é un feito novidoso nin colle a ninguén por sorpresa. É o resultado dun desleixo continuado, que no caso do incendio da rúa Afonso X polo alcance da traxedia e tamén por afectar a menores ten as súas orixes no desmantelamento do poboado do Caramuxo sen que nin Xunta, nin Concello ofrecesen alternativas.

Tampouco é descoñecida a existencia de numerosos edificios e vivendas que non reúnen as condicións mínimas de habitabilidade e seguridade pero que ou ben non son obxecto de intervención por parte das administracións, ou ben as actuacións fican reducidas a unha tramitación burocrática con máis aparencia que eficacia.

Aliás, a respecto da situación das familias desaloxadas nas últimas semanas, quer na rúa Afonso X quer na rúa Fisterra, resulta preocupante o grao de improvisación pero, sobre todo, de precariedade e incertezas que paira sobre os dispositivos sociais despregados para atender as situacións que se derivan do desaloxo das vivendas.

Para alén da grave problemática social subxacente que se vén de describir, é claro que existe tamén un problema de carácter urbanístico no referido a existencia de infravivendas e outro de seguridade que deixou en evidencia coas súas brutais e dolorosas consecuencias o incendio de Afonso X.

Se xa é moi grave que no momento de se producir esa emerxencia só estivesen operativos 17 efectivos do servizo de bombeiros (dos que 16 participaron directamente das labores de extinción e desaloxo), cando o mínimo determinado polo Concello para cada xornada é de 20 e un recente informe dos propios servizos municipais eleva a 23 para ter garantías de operatividade, é directamente intolerábel que a resposta por parte do Goberno municipal fose mentir publicamente en rolda de prensa, asegurando a concelleira responsábel da área delegada de Seguridade -en presenza do Alcalde- que non coñecía cantos bombeiros estaban en servizo esa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 14 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xornada e despois cuestionando con falsidades os datos ofrecidos polos propios bombeiros sobre o operativo a través da súa representación sindical. Un comportamento que inhabilita á señora Rodríguez Calviño para continuar á fronte desta concellaría.

Hai unha pregunta que produce arrepiños simplemente formulala: que tería pasado se se produce un segundo incendio noutra punto da cidade no mesmo momento? Quen ía decidir que vidas se salvan e cales non? Este interrogante interpela de maneira rotunda e inequívoca ao Goberno municipal para que dunha vez actúe para resolver as deficiencias no servizo de bombeiros que levan sendo denunciadas máis de cinco anos.

Cómpre por tanto abordar, cunha perspectiva integral pero con axilidade, esta realidade despregando todas as medidas que foren necesarias nun triplo eixo: actuar para garantir o dereito social á vivenda e ofrecer alternativas habitacionais dignas na cidade para as persoas en situación de vulnerabilidade e/ou exclusión social; intensificar as accións para evitar o agravamento do fenómeno das infravivendas e avanzar na súa resolución con apoio público; e resolver definitivamente a grave insuficiencia de persoal no servizo de bombeiros.

O camiño das solucións pasa necesariamente pola cooperación entre as diferentes administracións, deixando atrás dunha vez por todas a permanente lea que por razóns partidistas se volveu despregar, de maneira indecente, cun intercambio de reproches e acusacións entre Xunta e Concello arredor dos feitos que motivan esta moción que en nada contribuíu a atender as necesidades das viguesas e vigueses.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar aos gobernos municipal e galego a cooperaren no exercicio das súas competencias para atender as necesidades das familias desaloxadas dos inmóbeis da rúas Afonso X e Fisterra facilitándolle os medios e condicións necesarias para retornar á normalidade.
- 2 Instar ao Goberno municipal a:
 - 2.a Poñer en marcha unha Axencia Local de Vivenda Protexida e Social para facilitar o acceso á vivenda na cidade desde a promoción pública e cooperativa, e que inclúa unha bolsa de vivenda destinada a ofrecer alternativas habitacionais dignas e estábeis a persoas e familias en situación de vulnerabilidade social.
 - 2.b Reforzar as actuacións dos diferentes servizos municipais, nomeadamente a Xerencia Municipal de Urbanismo, para identificar e adoptar medidas para resolver as situacións de infravivendas existentes na cidade para garantir a seguridade e habitabilidade, con medidas de apoio social ás persoas afectadas.
 - 2.c Adoptar as medidas necesarias coa maior urxencia para garantir que Vigo dispoña da suficiente dotación do servizo de bombeiros en toda sas xornadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 15 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 3 Esixir da Xunta de Galiza que exerza as súas competencias en materia de promoción de vivenda protexida e para a adecuada atención integral das situacións de vulnerabilidade e exclusión social na cidade de Vigo.
- 4 Instar ao alcalde a cesar a dona Patricia Rodríguez Calviño como concelleira-delegada da área de Seguridade por mentir publicamente en relación ao operativo de bombeiros despregado no trágico incendio da rúa Afonso X, así como pola súa falla de xestión para resolver as deficiencias do servizo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia: Na intervención do voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Igrexas, manifesta que quere que conste en acta o seguinte....

“...Quérolle agradecer Sr. López Font, e vostede recoñece que a concelleira de Seguridade mentiu en rolda de prensa, cando dixo á pregunta dun xornalista que non sabia cantos bombeiros estaban mobilizados nesa xornada, esta ben que o confirme porque así en todo caso, dálle motivo a esta moción na que o que propoñemos son medidas concretas para abordar dunha vez os problemas....”

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.10.2023 (Rex. Nº 4106/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(188) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A INCLUIR UNHA PARTIDA PARA ABORDAR A REFORMA INTEGRAL DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4113/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2023, número 4113/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A falta de implicación da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, con respecto á infraestruturas educativas na cidade de Vigo é notoria, non atendendo as necesidades que os centros de Vigo demandan.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 16 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se isto xa é grave de seu, resulta indignante a utilización partidista que fai o Conselleiro nos actos institucionais que contan coa súa presenza na cidade.

Na inauguración do novo Centro de Formación de e Recursos para profesores, celebrada o pasado 28 de setembro deste ano, desde a Xunta de Galicia convidouse a cargos políticos que nada teñen que ver con esa instalación.

Unha vez máis desde a Xunta utilízanse, na cidade de Vigo, actos institucionais para promocionar aos que perden eleccións, actuando como unha seita política e usando as institucións ao servizo do Partido Popular.

Estas actitudes deben erradicarse de inmediato e o Conselleiro, tan pouco dado a atender as súas obrigacións do cargo no que respecta á cidade de Vigo, debe dar explicacións sobre esa falta de respecto institucional.

Como queira que se están tramitando os Orzamentos da Xunta para o ano 2024, o Conselleiro debería incluír nos mesmos as partidas, que desde este Pleno reclamáronse de forma reiterada, para acondicionar as instalacións e é polo que se propón ao Pleno da Excm. corporación de Vigo que adopte os seguintes

ACORDOS

- Instar á Conselleira de Educación a incluír unha partida de 12 millóns de euros, para abordar a reforma integral dos centros educativos públicos.
- Instar o Conselleiro a dar explicacións sobre a invitación ao acto de inauguración do novo Centro de Formación e Recursos para profesores, a cargos políticos que nada teñen que ver cos mesmos, e a cesar, de formar inmediata, nesta práctica de utilización partidista dos actos institucionais por parte da Xunta de Galicia."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2023 (Rex. Nº 4113/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(189) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE ACOMETA INVESTIMENTOS, NO ORZAMENTO PARA O ANO 2024, PARA CUBRIR TÓDALAS NECESIDADES ÁS QUE TEN DEREITO A CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4111/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 17 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2023, número 4113/1101, o veceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Ano tras ano, os Orzamentos da Xunta de Galicia non atenden ás necesidades da cidade de Vigo. As demandas da cidade, trasladadas desde o goberno municipal, non son atendidas.

Novamente, o Orzamento para o ano 2024 non contempla ningún investimento novo nin ten en consideración aquelas que foron trasladadas en anos anteriores.

A todo isto debemos engadirlle a débeda histórica que os gobernos de Feijoo, e agora con Rueda na mesma senda, manteñen con esta cidade.

Sendo Vigo o 11% da poboación galega, no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024 só recibo o 4,1% dos investimentos.

Como queira que neste momento os Orzamentos atópanse en fase de tramitación, é hora de que o goberno do PP na Xunta de Galicia atenda as necesidades da cidade de Vigo e incremente de forma substancial as partidas en investimentos nos proxectos que de forma reiterada foron trasladados desde o goberno Municipal, é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar o goberno da Xunta de Galicia a que acometa investimentos, no Orzamento para o ano 2024, para cubrir todas as necesidades ás que ten dereito a cidade de Vigo, que foron constantemente reiteradas, e por un importe que non pode estar por baixo dos 200 millóns de euros que lle corresponden a esta cidade por poboación, dada a desatención dos últimos 14 anos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2023 (Rex. Nº 4111/1101), polo veceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 18 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(190) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE APOIE O PROXECTO DO AVE, MADRID-VIGO DIRECTO POR CERDEDO. EXPTE. 4112/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2023, número 4112/1101, o veceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O AVE non chegou a Vigo, por moito que se empeñen desde o goberno do PP da Xunta de Galicia.

E é clamorosa a falta de implicación do goberno de Galicia, á hora de apoiar a reivindicación do AVE Madrid-Vigo, directo por Cerdedo.

Despues do longo relato das decisións adoptadas polas instancias do Partido Popular, ao longo dos anos, en contra desta conexión directa, é hoxe precisamente o momento de maior avance do proxecto e a Xunta de Galicia debe recoñecelo e implicarse no desenvolvemento do mesmo que avanza grazas ao goberno de Pedro Sánchez.

Na época do goberno de Manuel Fraga, decidiuse que se facía Coruña-Santiago-Madrid. E posteriormente foi o goberno de Rajoy, como Presidente, e Ana Pastor, como Ministra de Fomento, os responsables de que os proxectos iniciados polo anterior goberno socialista fosen a un caixón. Obrigando a reiniciar os estudos necesarios, cos consecuentes anos de atraso, só imputables aos responsables políticos do Partido Popular que deixaron a Vigo sen AVE.

Hoxe, a situación é diferente e corresponde tamén ao goberno da Xunta de Galicia implicarse cun apoio decidido a todo o que vén realizando o goberno de Pedro Sánchez e é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar o goberno da Xunta de Galicia a que apoie, de forma decidida o proxecto de AVE, Madrid-Vigo directo por Cerdedo, que actualmente tramita o goberno de España e que deixe de opoñerse a este proxecto como xa fixo o Sr. Feijoo, como Presidente da Xunta, e con Alfonso Rueda, como Vicepresidente, cando decidiron apoiar ao goberno de Mariano Rajoy, como Presidente do Goberno, e Ana Pastor, como Ministra Fomento, para que a cidade de Vigo quedase sen tren de alta velocidade, obrigando a ir por Santiago nun percorrido adicional de 100 Km.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atopábase ausente a concelleira, Sra. Rodriguez Calviño.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 19 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martín Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2023 (Rex. Nº 4112/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(191) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO GALEGO E AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA A APROBACIÓN DUN ESTATUTO XURÍDICO DOS AVOGADOS E PROCURADORES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4115/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2023, número 4115/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Quenda de Oficio, constituído por profesionais da avogacía e a procura, é un servizo público esencial para garantir un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos.

O acceso á xustiza por parte de todos os cidadáns é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente e este colectivo é o que presta ese servizo público esencial, a través de profesionais cualificados e en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade.

Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos usuarios. Así o estimou o 82% dos mesmos.

Son profesionais con vocación de servizo público, un servizo prestado por mandato directo da Administración, en Galicia por mandato da Xunta de Galicia, sen que se cotizou xamais polo tempo dedicado ao servizo, sendo avogados/as e procuradores/as de oficio os 365 días do ano e estes colectivos están a se atopar con verdadeiras dificultades para poder traballar nunhas condicións mínimas de dignidade.

Por iso, é necesario que se recoñezan a estes profesionais os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto dos cidadáns.

A pesar de atoparnos ante unhas profesións que os cidadáns consideran que están ben remuneradas, a situación real dista moito da imaxe social que se ten das mesmas.

As avogadas e avogados, procuradoras e procuradores carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquera outro cidadán, posto que as reclamacións do colectivo non son todas económicas, quizais nin as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo, dun servizo, necesariamente implica unha remuneración digna.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 20 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O profesional non ten días libres, non ten dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin por enfermidade ou falecemento dun familiar directo.

E iso porque, a pesar das reformas legais, estas seguen sendo de escaso calado, deixando a criterio dun terceiro, un funcionario (o s/as letrados/as de Administración de Xustiza, antigos Secretarios xudiciais) a decisión de suspender unha sinalización ou un prazo procesual mesmo en situacións de extrema gravidade, o que debería ser imperativo.

Estes profesionais non teñen dereito á conciliación familiar, laboral nin persoal, nin á desconexión dixital nin ao descanso, e todo isto é o que estamos a reivindicar.

Ademais, a remuneración dos seus servizos na Quenda de Oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran que o servizo é deficitario para os profesionais que o prestan.

Abónanse cantidades tan irrisorias como 20 € por unha entrada e rexistro de 11 horas de traballo ou, directamente, non se pagan as súas actuacións profesionais ou naquelas gardas nas que, tendo que estar localizables durante períodos de 24 horas, ao final non son chamadas xerando 0€ de ingresos, así como cantidades ridículas por varios días de garda nas quendas de Violencia de Xénero.

Os transportes non se pagan (coche, combustible, seguros.... debendo ser asumidos polo profesional), o seguro de accidentes non se paga (págao o profesional), o persoal que tramita a xustiza gratuíta abónano os profesionais (son empregados dos colexios profesionais), os impresos, papel e copias págaos o profesional e por último, pero especialmente importante, os servizos prestados non se recoñecen a ningún efecto (nin se cotizan á seguridade social, nin computan para os concursos ou oposicións, nin en ningún outro sentido).

Por todo o exposto, e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, os seguintes

ACORDOS

1.- Instar o Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados/as e Procuradores/as da Quenda de Oficio, que mediante unha norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado, en materia de Seguridade Social, e de carácter retroactivo, nos mesmos termos en que gozan destes dereitos o resto de traballadores.

2.- Instar á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración da totalidade das actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, digna, suficiente e actualizable anualmente conforme ao IPC, con revisión dos baremos, establecendo orzamentos específicos para a xustiza gratuíta.

3.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e no de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consello Xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 21 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Avogacía Española, ao Consello Galego dous Procuradores e ao Consello Xeral de Procuradores.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2023 (Rex. Nº 4115/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9.(192) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 19.09 AO 22.10.23. EXPTE. 1564/1102 (EXPTE. PLENO 4107/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.09.23 ao 22.10.23) incluídas no expediente 1564/1102 (Expte. Pleno 4107/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

10.(193) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 19.09 AO 22.10.23. EXPTE. 1565/1102 (EXPTE. PLENO 4108/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.09.23 ao 22.10.23) incluídas no expediente 1565/1102 (Expte. Pleno 4108/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

11.(194) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 21.09.23, DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA CORPORACIÓN NO ÓRGANO REITOR DO ÓRGANO COLEXIADO DO PADROADO DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 1726/110.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 22 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 21.09.23, que di o que segue,.

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 31.07.2023, ó amparo do sinalado no artigo 38.c do RD 2568/1986 de 28 de novembro, acordou a distribución dos grupos municipais no Padroado do Museo Municipal Quiñones de León.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, mediante escritos de data 2 e 3 de agosto polo grupo municipal do BNG e do grupo municipal do Partido Popular, respectivamente, os concelleiros que lle corresponden, resolvo:

Primeiro.- Nomear membros no órgano reitor do órgano Colexiado do Padroado do Museo Municipal Quiñones de León, ós seguintes concelleiros/as:

-En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D^a María del Carmen Rego Silva

D^a María José Caride Estévez

D. Gorka Gómez Díaz

Serán membros suplentes:

D^a Elena Espinosa Mangana

D. José Manuel Fernández Pérez

D^a Olga Alonso Suárez

-En representación do Grupo Político Partido Popular

D. Jose Miguel Martín Peña

Serán membros suplentes:

D^a Marta Fernández-Tapias

D^a Irene Garrido Valenzuela

D^a Luisa Sánchez Méndez

-En representación do Grupo municipal do BNG

D^a Ana Martínez Piñeiro

Serán membros suplentes:

D. Xabier Pérez Igrexas

D. Filipe Abalde Comesaña.

Segundo.- Dar conta da Resolución ao Pleno.

Terceiro.- Comunicar este acordo ós Concelleiros/as afectados/as e ao Secretario do antedito Padroado para o seu coñecemento e efectos.”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución de data 21.09.23. O Pleno queda enterado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 23 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12.(195) DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29.09.23, DE MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 1476/1102 (EXPTE. PLENO 4109/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, que di o que segue,

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu Alcalde como Presidente do Padroado e polos/as seguintes vogais:

Grupo municipal socialista

Dna. María del Carmen Silva Rego
Dna. Elena Espinosa Mangana
D. Gorka Gómez Díaz
Dna. María del Carmen Lago Barreiro
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Grupo municipal do Partido Popular

D. José Miguel Martín Peña

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

Dna. Ana Martínez Piñeiro

Segundo.- Comunicar este acordo á Fundación MARCO de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos e ás vogais designados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo texto legal.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación deste acordo da Xunta de Goberno Local. O Pleno queda enterado.



Copia do documento - Concello de Vigo
4195-1101

Data impresión: 19/01/2024 12:33 Páxina 24 de 32
CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

13.(196) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 11.10.23, DE DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL DURANTE TRES DÍAS. EXPTE. 1309/1102. (EXPTE. PLENO 4110/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, que di o que segue,

“Esta madrugada, catro persoas, entre elas tres menores de idade, perderon a vida e varias resultaron feridas como consecuencia dun incendio rexistrado na rúa Alfonso X O Sabio, no barrio das Travesas.

En virtude das competencias atribuídas polo artigo 124.ñ da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Declarar LOITO OFICIAL no municipio de Vigo durante tres días, dende as 9:00 horas do día 11 de outubro de 2023 ata as 23:59 horas do día 13 de outubro de 2023 durante o cal as bandeiras en todos os edificios municipais ondearán a media hasta.

SEGUNDO.- Trasladar as condolencias e o pésame da cidade de Vigo aos familiares das vítimas deste tráxico suceso.

TERCEIRO. Publicar a resolución nos taboleiros de edictos e na páxina web municipal para coñecemento da veciñanza dándose conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre.”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS.**14.(197) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A FALLA DE PREVENCIÓN DO GOBERNO LOCAL ANTE EMERXENCIAS E DE ABANDONO DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 4114/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2023, número 4114/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado mércores 11 de outubro o edificio situado no número 6 da rúa Alfonso X ‘El Sabio’ de Vigo, okupado dende hai anos, sufriu un fatal incendio no que desgraciadamente perderon a vida 4 persoas. Unha nai e 3 dos seus fillos, os tres menores de idade. Asemade, no inmobile okupado resultaron feridas de gravidade outras persoas que residían no mesmo inmobile, permanecendo algunhas a día de hoxe no hospital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 25 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Logo das primeiras indagacións tras este suceso, comprobouse que o Goberno local tiña coñecemento fidedigno de que o edificio non reunía as condicións mínimas de seguridade exixibles.

En concreto, un informe de intervención do servizo municipal de bombeiros do día 23 de agosto de 2023 recolle textualmente:

“Require a nosa presenza a Policía Nacional por un cadro eléctrico dun edificio “okupado” e que foi vandalizado, para pedirnos a nosa opinión dende un punto de vista da seguridade. Se observa un cadro xeral en moi mal estado con moitos cables soltos con tensión e sen illar, con evidente perigo de electrocución ou cortocircuíto (...)”.

Pero esta non foi a única vez que os efectivos municipais de bombeiros tiveron que acudir a este edificio. Constan así actuacións anteriores en datas do 18 de outubro de 2021, 23 de febreiro de 2022, 18 de marzo de 2022 e 19 de xullo de 2023, todas elas comunicadas mediante o preceptivo informe ao Executivo local.

Múltiples advertencias, dos bombeiros, dos veciños e deste grupo municipal, que foron desoídas polos socialistas vigueses ao fronte da Corporación municipal. Pois cómpre lembrar que esta situación foi denunciada polo Partido Popular nos medios de comunicación e no pleno do día 12 de setembro de 2023. Sesión plenaria na que o grupo de goberno, en palabras da súa concelleira Yolanda Aguiar, manifestou: *“(…) mire, voulle dicir, non hai ningún problema de alarma neste momento coas ocupacións (...)”.*

É evidente, polo tanto, a falta de actuación do Goberno local, que tendo coñecemento da existencia dunha situación de risco grave non fai nada, demostrando unha absoluta falta de previsión e de plan de actuación nestes casos.

Ademais disto, quedou demostrado que o día do tráxico suceso o servizo municipal de bombeiros non contaba cos efectivos mínimos esixidos polo propio Goberno local, que ascenden a 20, e que foron decretados en 2010 precisamente sendo alcalde Abel Caballero e, por tanto, polo actual Goberno local.

Na quenda de noite daquel 11 de outubro, que foi cando comezou o lume, había dispoñibles unicamente 17 bombeiros sumando os parques de Teis e de Coruxo. Atendendo ao relato do propio servizo de bombeiros, desprazáronse 16 efectivos ao lugar do suceso permanecendo un telefonista no parque recibindo chamadas por si ocorría algunha outra alerta na cidade. Resulta obvio que non se podería atender ningunha incidencia por falta precisamente de efectivos.

Isto choca coas arrogantes e infames declaracións da concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Patricia Rodríguez Calviño, que acusou de mentir ao persoal de bombeiros dicindo que ao incendio acudiron 19 efectivos. O que non dixou, é que dous destes efectivos estaban na súa casa e ao ver a magnitude do incendio acudiron ao mesmo de forma voluntaria.

A falta de bombeiros en Vigo xa é algo crónico, de feito os propios efectivos denunciaron que no que vai de ano soamente un día se cumpriron os devanditos servizos mínimos. De feito, nos últimos anos xa é demasiado frecuente que se teña que pechar o parque de Coruxo por falta de efectivos, o que ocorre cando hai menos de 14 en total xa que é inviable manter abertos os dous parques existentes na cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 26 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asemade, esta situación provocou que, por primeira vez na historia da nosa cidade, tiveran que vir bombeiros doutros municipios e se activaran medios da Xunta de Galicia para axudar en tarefas de extinción durante o incendio que afectou ao punto limpo en el polígono de O Caramuxo hai escasas semanas.

A maiores, o incendio do número 6 de Alfonso X puxo de manifesto o crecente problema de okupación en Vigo, onde segundo datos da Fegain (Federación Galega de Inmobiliarias) existen máis de duascentas propiedades usurpadas aos seus lexítimos titulares sen que o Concello teña feito nada ao respecto.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular formula ante o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Crear unha Comisión Especial de Investigación de acordo co previsto no artigo 35 do Regulamento Orgánico do Pleno, que permita coñecer o acontecido na noite do 11 de outubro no número 6 de Alfonso X, e todos os detalles que rodean a este suceso.
2. Reprobar á concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Patricia Rodríguez Calviño, e instar o seu cesamento.
3. Promover a creación dunha Oficina Municipal de Ocupación Ilegal de Vivendas, con funcións de información e asesoramento á veciñanza afectada por esta situación.
4. Proceder de xeito inmediato á convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura con carácter definitivo das prazas do Corpo de Bombeiros que se atopan vacantes.
5. Destinar 60 millóns de euros dos remanentes a construír vivendas públicas en terreos e solares municipais, para contribuír a resolver a necesidade habitacional dos vigueses en situación de vulnerabilidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.10.2023 (Rex. Nº 4114/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 27 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15.(198) Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. Que o Goberno municipal retome con urxencia o proxecto, iniciado en 2011 coa biblioteca municipal Neira Vilas do Calvario, para dotar a cidade dunha rede de bibliotecas municipais en todos os barrios e parroquias, incluíndo nos orzamentos municipais de 2024 a dotación económica suficiente para garantir, no mínimo, a posta en marcha de bibliotecas en Navia, Teis e Bouzas.

16.(199) Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Que na redacción das actas das sesións plenarias se recolla en detalle as entradas e saídas do salón durante o desenvolvemento da mesma por parte de todos os membros da corporación, tal e como se fai noutras cidades galegas, por exemplo en A Coruña.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.(200) Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. ¿Cando vai resolver o Goberno municipal as axudas municipais para libros de texto, material escolar e comedores, cuxo prazo de presentación de solicitudes concluíu o 30 de xuño e tendo en conta que xa transcorreu máis dun mes do inicio do curso escolar e son numerosas as familias que non poden facer uso dos comedores por descoñecer se as súas crianzas son beneficiarias ou non das mesmas?

18.(201) Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. ¿Cando ten pensado o Goberno municipal celebrar o Día de Galicia logo de adialo inxustificadamente da súa data oficial, o 25 de xullo?

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario outubro 23
 Lexislatura: Mandato 2023-2027
 Órgano : Pleno
 Data Inicio: Luns, 30 de Outubro de 2023 09:04:58
 Data Fin : Luns, 30 de Outubro de 2023 11:49:56
 Duración : 02:44:58

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3384

- Media (MASTER)

 [1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.4 GiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/q2DxPEKrovpy1HoCi16d91Xo9enX8CEUN1y2x00BAm6UZw8y.wmv>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 28 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SHA512 - 367b20715023ce0928f4d63e563c721dfd1c37bd9051739e07bd43d0607699803dbe82b7ea31bc3f7c3d6d179025c6a37722120b54ea942b82a71e8416754630

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 925 MiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/U6sRvwRVGLBVEW7eYp180P7EYOFIrh6axmyL8Y18XdTjmgwg.mp4

SHA512 - 277c320a069110a21000ae169ea521d600866f895a6d9c7a029e4551b0066e6a78e31045d72c7a7d47d36ea3ec00871a1ad4aa33a66da2f9daf05439cefcbcb1

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretaria; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:52 - Silva Rego, Carmen

00:01:19 : 1. Actas anteriores: Sesión ordinaria (agosto) do 12.09, ordinaria do 25.09, extraordinaria do 25.09 e extraordinaria do 16.10.23.

00:01:50 - Silva Rego, Carmen

00:01:56 - Pérez Iglesias, Xabier

00:02:28 - Silva Rego, Carmen

00:03:01 - Votación [9:08:01]

00:03:10 : 2. Dar conta do Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2023, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 261/143 (Expte. Pleno 4101/1101).

00:03:28 - Aneiros Pereira, Jaime

00:08:36 - Silva Rego, Carmen

00:08:47 - Pérez Iglesias, Xabier

00:14:03 - Silva Rego, Carmen

00:14:15 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:16:25 - Silva Rego, Carmen

00:16:37 - Aneiros Pereira, Jaime

00:19:34 - Silva Rego, Carmen

00:19:50 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 3º trimestre do 2023. Expte. 27534/541 (Expte. Pleno 4102/1101)

00:20:10 - Aneiros Pereira, Jaime

00:24:39 - Silva Rego, Carmen

00:24:50 - Pérez Iglesias, Xabier

00:29:49 - Silva Rego, Carmen

00:30:38 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:31:59 - Silva Rego, Carmen

00:32:08 - Aneiros Pereira, Jaime

00:35:02 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 29 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:35:32 - Minuto de silencio--
- 00:36:29 - Silva Rego, Carmen

- 00:36:32 : 4. Moción do grupo municipal do BNG sobre a atención das situacións de vulnerabilidade social e da infravivenda na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4106/1101.
- 00:36:46 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:41:53 - Silva Rego, Carmen
- 00:41:57 - Martín Peña, José Miguel
- 00:46:32 - Silva Rego, Carmen
- 00:46:41 - López Font, Carlos
- 00:48:12 - Silva Rego, Carmen
- 00:48:30 - López Font, Carlos
- 00:51:45 - Silva Rego, Carmen
- 00:52:08 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:55:15 - Silva Rego, Carmen
- 01:00:45 - Votación [10:05:37]

- 01:01:04 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Educación a incluír unha partida para abordar a reforma integral dos centros educativos públicos e outros acordos complementarios. Expte. 4113/1101.
- 01:01:35 - Alonso Suarez, María Olga
- 01:06:33 - Silva Rego, Carmen
- 01:06:40 - Abalde Comesaña, Filipe
- 01:11:03 - Silva Rego, Carmen
- 01:11:06 - Gonzalez Abeijón, Fernando
- 01:13:39 - Silva Rego, Carmen
- 01:13:47 - Gonzalez Abeijón, Fernando
- 01:16:27 - Silva Rego, Carmen
- 01:16:54 - Alonso Suarez, María Olga
- 01:19:52 - Silva Rego, Carmen
- 01:20:31 - Votación [10:25:22]

- 01:20:59 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que acometa investimentos, no Orzamento para o ano 2024, para cubrir tódalas necesidades ás que ten dereito a cidade de Vigo. Expte. Pleno 4111/1101.
- 01:21:22 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:26:26 - Silva Rego, Carmen
- 01:26:33 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:31:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:31:52 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 01:34:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:35:12 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 01:36:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:37:02 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 01:37:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:37:52 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:40:45 - Silva Rego, Carmen
- 01:40:58 - Votación [10:45:51]

- 01:41:14 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que apoie o proxecto do AVE, Madrid- Vigo directo por Cerdedo. Expte. 4112/1101.
- 01:41:32 - López Font, Carlos
- 01:46:36 - Silva Rego, Carmen
- 01:47:03 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:52:10 - Silva Rego, Carmen
- 01:52:15 - Garrido Valenzuela, Irene
- 01:56:56 - Silva Rego, Carmen
- 01:57:10 - López Font, Carlos
- 02:00:10 - Silva Rego, Carmen
- 02:01:58 - Votación [11:05:19]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 30 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:02:27 : 8.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno Galego e ao Goberno de España para a aprobación dun estatuto xurídico dos avogados e procuradores e outros acordos complementarios. Expte. 4115/1101
- 02:03:02 - Aguiar Castro, Yolanda
- 02:08:19 - Silva Rego, Carmen
- 02:08:28 - Martínez Piñeiro, Ana
- 02:12:00 - Silva Rego, Carmen
- 02:12:08 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 02:16:40 - Silva Rego, Carmen
- 02:16:53 - Aguiar Castro, Yolanda
- 02:19:53 - Silva Rego, Carmen
- 02:20:25 - Votación [11:25:13]
- 02:20:36 : 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 19.09 ao 22.10.23. Expte. 1564/1102 (Expte. Pleno 4107/1101). 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 19.09 ao 22.10.23. Expte. 1565/1102 (Expte. Pleno 4108/1101).
- 02:20:46 : 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 19.09 ao 22.10.23. Expte. 1565/1102 (Expte. Pleno 4108/1101).
- 02:20:59 : 11. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 21.09.23, de nomeamento de membros da Corporación no órgano reitor do órgano colexiado do Padroado do Museo Municipal Quiñones de León. Expte. 1726/110.
- 02:21:16 : 12. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 29.09.23, de modificación do nomeamento de representantes da Corporación no Padroado da Fundación Marco. Expte. 1476/1102 (Expte. Pleno
- 02:21:32 : 13. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 11.10.23, de declaración de loito oficial durante tres días. Expte. 1309/1102. (Expte. Pleno
- 02:21:50 : 14. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a falla de prevencióndo Goberno local ante emerxencias e de abandono do servizo deBombeiros. Expte. 4114/1101.
- 02:22:03 - Martín Peña, José Miguel
- 02:26:54 - Silva Rego, Carmen
- 02:27:07 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:32:17 - Silva Rego, Carmen
- 02:32:20 - López Font, Carlos
- 02:37:26 - Silva Rego, Carmen
- 02:37:33 - Martín Peña, José Miguel
- 02:39:08 - Silva Rego, Carmen
- 02:39:11 - Martín Peña, José Miguel
- 02:39:16 - Silva Rego, Carmen
- 02:39:20 - Martín Peña, José Miguel
- 02:40:42 - Silva Rego, Carmen
- 02:40:59 - Votación [11:45:48]
- 02:41:08 : 15. Formulación de rogos.
- 02:41:18 - Martínez Piñeiro, Ana
- 02:41:41 - Silva Rego, Carmen
- 02:41:48 - Martín Peña, José Miguel
- 02:42:08 - Silva Rego, Carmen
- 02:43:22 : 16. Formulación de preguntas.
- 02:43:33 - Abalde Comesaña, Filipe
- 02:44:18 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 31 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

02:44:24 - Martín Peña, José Miguel
02:44:40 - Silva Rego, Carmen

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e cincuenta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 19/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO

Elena Ares Salgado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:33	Páxina 32 de 32
4195-1101	CSV: ACA83D-DC3D22-45D23H-PZW4EN-CC8U7W-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		